

Resolución sobre a prolongación do prazo de permanencia na sede electrónica da Xunta de Galicia do procedemento con código EM926G ata o 4 de xullo de 2025

Mediante Resolución do 15 de maio de 2025 (DOG núm. 100, do 27 de maio), a Secretaría Xeral da Emigración estableciu as bases reguladoras e a convocatoria das axudas para a participación no programa Reencontros con Galicia, dirixido a persoas emigrantes galegas maiores de 65 anos que residan en América (código de procedemento EM926G).

Na disposición derradeira primeira relativa á habilitación normativa facúltase á persoa titular da Secretaría Xeral da Emigración para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e o cumprimento do establecido nesa resolución.

As solicitudes para participar neste programa proceden dos países de América onde residen as persoas destinatarias e nos que se habilitou determinado persoal nas delegacións da Xunta de Galicia e entidades galegas no exterior para que as presenten na sede electrónica da Xunta no nome das persoas solicitantes. Tendo en conta o elevado número de solicitantes deste programa e que un número importante das solicitudes se presentan nos últimos días de prazo, ao que hai que engadir que en Cuba continúan con frecuentes cortes de electricidade e caídas de internet, hai problemas para poder mecanizar e cargar os expedientes de solicitude dentro do prazo establecido.

Xa que logo, resulta oportuno ampliar o prazo de permanencia deste procedemento na sede electrónica da Xunta de Galicia, de xeito que lle permita ao persoal habilitado das delegacións da Xunta e das demais entidades autorizadas, cargar as solicitudes que foron presentadas dentro do prazo previsto na resolución de convocatoria e que non puideran dixitalizar e mecanizar antes do derradeiro día do prazo.

Por todo isto, ao abeiro das competencias atribuídas na disposición derradeira primeira da devandita resolución do 15 de maio do 2025 e demais de xeral aplicación, e para os efectos de axilizar a tramitación e a instrución dos expedientes,

Resolvo:

Autorizar a permanencia na sede electrónica do procedemento EM926G ata o 4 de xullo de 2025, ás 23:59 horas.

Cómpre notificarlle ás delegacións da Xunta de Galicia e demais entidades autorizadas que para garantir a admisión das solicitudes electrónicas mecanizadas entre os días 28 de xuño e 4 de xullo de 2025, deberán achegar a copia das solicitudes orixinais cun selo da entidade e a constancia da data de presentación da solicitude. Non se admitirán a trámite as solicitudes que se presentaron nas delegacións ou entidades colaboradoras fóra do prazo establecido na resolución de convocatoria deste programa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

